

PROGRAMACIÓN DOCENTE  
**XEOGRAFÍA DE GALICIA**

**curso 2018-19**

**ESQUEMA XERAL**

- I. Datos descritivos da materia
- II. Contexto da materia
- III. Obxectivos xerais
- IV. Adquisición de destrezas e habilidades
- V. Volume de traballo
- VI. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- VII. Metodoloxía docente
- VIII. Avaliación da aprendizaxe
- IX. Observacións

**I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA**

Nome da materia	<b>Xeografía de Galicia</b>
Código	<b>IV20114</b>
Tipo (M / O / AC)	<b>M</b>
Curso aconsellado	<b>1º</b>
Créditos Totais	<b>3</b>
Horas totais de traballo da/o estudante	<b>75</b>
Cuadrimestral (especificar 1º/2º)	<b>1º</b>
Ámbito de coñecemento (H / T / XS / C / CS)	<b>H</b>

**Tipo:** M=materia, O=obradoiro e AC=actividade complementaria

**Ámbito:** H=humanidades, T=tecnolóxico, XS=xurídico social, C=científico e CS=ciencias da saúde

**I.1. Profesor: Amancio Castro González**

**Profesor coordinador da materia: Amancio Castro González**

Profesor	Créditos (especificar A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de impartición	Lingua
Amancio Castro González	3 A		Escola de Enxeñaría Forestal	Galego

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

**I. 2. Data oficial dos exames finais**

[https://seix.uvigo.es/uv/web/maiores/page/ci\\_calendario](https://seix.uvigo.es/uv/web/maiores/page/ci_calendario)

#### I. 4. Coñecementos previos para cursar a materia

Teóricos: Mínimos

### II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO PROGRAMA

Materia encadrada no Ciclo Intensivo do PUM-Pontevedra, aconséllase para o 1º curso, co fin de completar a formación do alumnado

### III.- OBXECTIVOS XERAIS

O estudo e coñecemento da Xeografía de Galicia a través de seis grandes temas complementarios, que intentan proporcionar unha visión completa da Comunidade Autónoma Galega.

Coidamos que estes temas permiten, coa axuda do profesor que como condutor tranquilo, reiterativo e con afán observador, reflexionar sobre unha serie de cuestións de indubidable transcendencia, a saber: os elementos diferenciais e comúns con outros espazos próximos, as tensións que se xeran entre natureza e sociedade, os procesos de despoboación, os cambios rexistrados nas estruturas económicas e os efectos da dinámica urbanizadora.

Facer xeografía significa observar con interese o mundo en que nos integramos, vivir máis intensamente porque podemos descubrir mellor os compoñentes que definen unha paisaxe urbana ou rural, razoar sobre os factores que conduciron á transformación dun determinado espazo, neste caso o espazo galego.

### IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Espérase do alumnado que:

- Saiba manexar os conceptos clave da xeografía
- Saiba ler con certa profundidade mapas, gráficas, textos
- Manexe as Tic para obter información e procesala
- Teña, a través dos medios técnicos e teóricos, un maior coñecemento da realidade galega

### V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fóra da aula	Factor de traballo do alumnado	Horas de traballo do persoal do alumnado	Horas totais do alumnado	Créditos
Clase maxistral	18		1.25	22.5	40.5	1.62
Prácticas						
Viaxe de estudos		12	1.875	22.5	34.5	1.38
Exame						
<b>Total</b>					75	3

## VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

### Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
1	O territorio galego. Características xerais	4 horas
2	O marco físico	4 horas
3	A poboación	6 horas
4	As actividades económicas	6 horas
5	A organización do espazo	6 horas
6	Áreas urbanas, comarcas e localidades	6 horas

### Programa práctico (se o houbera)

Tema	Contidos	Duración
1	O marco físico	4 horas
2	A poboación, actividades económicas e o espazo	8 horas

### Viaxes de estudo (se as houbera)

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1	A análise dun espazo (a determinar)	1 día

### Bibliografía básica

- PÉREZ ALBERTI, Augusto (1986). *A Xeografía*. Vigo: Galaxia.
- PRECEDO LEDO, Andrés (1998). *Geografía humana de Galicia*. Barcelona: Oikos-Tau.
- SOUTO GONZÁLEZ, José M. (1986). *Xeografía humana*. Vigo: Galaxia.
- PIÑEIRA MANTIÑAN, María José e SANTOS SOLLA, Xosé Manuel (Coords.) (2011). *Xeografía de Galicia*. Vigo: Xerais.

### Bibliografía complementaria

- AMENEIRO BRAVO, María Celia (2008). *Galicia, Xeografía, Historia e Cultura*. Vigo: Ir Indo Edicións.
- BARRIO, M., HARGUINDEY, E. IGLESIAS, A. e PILLADO, F. (1979). *Xeografía descritiva de Galicia*. A Coruña: Edicións do Ruedo.
- CUADERNOS DO SEMINARIO DE SARGADELOS 47 (1986). *O medio natural galego, homenaxe a D. Isidro Parga Pondal*. A Coruña: Edicións do Castro.
- DICIONARIO GALEGO DE XEOGRAFÍA (1990). Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- O'FLANAGAN, Patrick (1996). *Xeografía histórica de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia.
- PÉREZ ALBERTI, Augusto (director) (1982). *Xeografía de Galicia*, tomo I: O medio. A Coruña: Edicións Sálvora.
- PÉREZ ALBERTI, Augusto (director) (1999). *Xeografía de Galicia*, 6 tomos. A Coruña: Gran Enciclopedia Galega.
- PRECEDO LEDO, Andrés e VILARIÑO PÉREZ, Montserrat (coords.) (1994). *A poboación de Galicia, a crise demográfica e o seu impacto territorial*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- RIO BARJA, Fco. Javier (coord.) (2003). *Galicia Geografía*, tomos XVII a XXII. A Coruña: Hércules Ediciones.

RÍO BARJA, Francisco J. e RODRÍGUEZ LESTEGÁS, Francisco (1992). *Os ríos galegos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

TORRES LUNA, Pilar de (directora) (2000). *Geografía de Galicia*, 2 tomos. Vigo: Faro de Vigo.

### **VII.- METODOLOXÍA DOCENTE**

A metodoloxía proposta baséase en catro alicerces fundamentais:

- Breve resumo do tema, destacando os aspectos fundamentais do mesmo.
- Os conceptos clave para que o alumno trate de definilos de cara a unha conceptualización precisa.
- Observación e análise do territorio a través de mapas e observacións directas para que poidan construír unha imaxe mental do mesmo, o máis precisa posible.
- Traballo de campo e exemplos prácticos comentados.

### **VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE**

A avaliación farase sobre o traballo na aula, nas clases prácticas e un traballo persoal sobre a análise dun espazo a elixir polo alumnado.

### **IX.- OBSERVACIÓNS**